



# **Programa de acollida**

**CEIP Plurilingüe de Louro**

**Curso 2020/2021**



Este documento está elaborado en base ás **Instrucións do 30 de xullo 2020**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, nas que se indica que, co fin de facilitar a incorporación do alumnado afectado pola suspensión da actividade lectivo presencial durante o curso 2019/2020, o equipo directivo elaborara un **Programa de acollida** que será presentado ao Consello Escolar do centro e que se desenvolvera nas dúas primeiras semanas do curso, coa organización de actividades globalizadas que informen, polo menos, dos seguintes aspectos:

- a) Novas normas de organización e funcionamento do centro.
- b) Actuacións de prevención, hixiene e protección.
- c) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
- d) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

**Data de aprobación polo Consello Escolar:**

08/09/2020

## Índice

a) <u>Novas normas de organización e funcionamento</u> .....	4
b) <u>Actuacións de prevención, hixiene e protección</u> .....	6
c) <u>Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial</u> .....	8
d) <u>Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión</u> .....	11



## a) Novas normas de organización e funcionamento do centro.

O plan de adaptación á situación covid-19 implica unha serie de cambios e modificacións temporais nas Normas de Organización e Funcionamento do colexio.

Neste cadro/resumo reflectimos as máis salientables:

Tema	Modificación
<b>Entrada</b>	O alumnado de primaria chega de forma escalonada ó centro segundo o autobús que lle corresponde. Entrarán pola porta principal e unha vez dentro sairán ó patio cuberto da seguinte forma: <ul style="list-style-type: none"> <li>• O alumnado de 1º, 2º e 3º utilizará a porta da esquerda.</li> <li>• O alumnado de 4º, 5º e 6º utilizará a porta da dereita</li> </ul> O patio estará delimitado en dúas zonas simétricas unha para que cada grupo.
<b>Horario de saída</b>	O alumnado da aula de 1º, 2º e 3º de ED. Primaria sempre sairá 5 min. antes para ocupar o espazo cuberto da entrada do colexio de primaria, e evitar que se formen aglomeracións coa outra aula de primaria á hora de saír para subir ó autobús.
<b>Espazo de recreo</b>	<i>Educación primaria:</i> Dúas zonas simétricas diferenciadas para garantir zona de pista e zona verde ós dous grupos de convivencia estable.
<b>Gardas de entrada</b>	Haberá un mestre de garda na entrada do edificio de Infantil e dous no de primaria, cando chova se encargarán de facer a garda en Primaria para que podan estar en dúas zonas cubertas diferenciadas.
<b>Acompañamento do alumnado</b>	En Infantil e durante o período de adaptación un membro da familia poderá acompañar ó alumno/a ata o recibidor da entrada á aula. O alumnado de primaria entrará e sairá so. As familias esperarán fora do recinto escolar.
<b>Alumnado non transportado</b>	Os pais/nais deberán esperalos fora do recinto escolar, evitando situarse na porta de saída cando o alumnado que si utiliza o transporte está saíndo do colexio.
<b>Titorías</b>	Preferentemente telemáticas, aínda que se permiten as presenciais con as normas de seguridade reflectidas no plan de actuación.
<b>Biblioteca</b>	Utilización do espazo os días asignados.
<b>Aula de informática</b>	É a aula contigua á aula de 4º, 5º e 6º onde se poderán facer desdobres ademais de utilizala co fin que ten. O alumnado de 1º, 2º e 3º utilizará os portátiles e o ordenador da súa aula.
<b>Uso de aseos</b>	Restrínxese o aforo a unha persoa, para o que se empregarán sinais visuais.
<b>Circulación polo centro</b>	Ocupando sempre a parte dereita do corredor e respectando as quendas de circulación.
<b>Actividades interniveis</b>	Debido á organización en grupos de convivencia estable, non se levarán a cabo actividades nas que se mesture alumnado de diferente nivel.

Estas modificacións e o desenvolvemento do plan de actuación, publicaranse na páxina web do centro antes do comezo do curso e notificarase dita publicación ás familias vía whatsapp da ANPA, Abalarmobil e/ou correo electrónico.

Cando se convoquen as reunión coas familias , reuniranse baixo as seguintes normas de seguridade:

- Un único asistente por neno/a.
- Separación entre cadeiras dun mínimo de 1,5 m.
- Obrigatorio o uso de máscara entre os asistentes.

As datas establécenas o mestre titor cos pais/nais.

Como o alumnado ten que adquirir novos hábitos fai necesario organizar dun xeito especial o **primeiro día lectivo**. Para evitar aglomeracións e confusións propias desa primeira xornada, a Consellería de Educación decidiu secuenciar o inicio de curso en dous días:

### **10 de Setembro:**

Alumnado de 4º e 5º de Ed.Infantil (3 e 4 anos), o alumnado de 3 anos acudirá ó centro no horario establecido pola mestra titora por ter que levarse a cabo o período de adaptación.

Alumnado de 1º, 2º e 3º de ED. Primaria.

### **11 de Setembro:**

Alumnado de 6º de ED. Infantil (5 anos).

Alumnado de 4º, 5º e 6º de ED. Primaria

Neste primeiro día de clase, o alumnado estará unicamente co seu titor/a, que será o encargado/a de informar das novas normas de organización e funcionamento, en coordinación co profesorado especialista, que, de ser necesario, pasará polas aulas para informar das peculiaridades que afecten á súa área.

## **b) Actuacións de prevención, hixiene e protección.**

### **Prevención:**

O centro educativo non é alleo á situación social e, polo tanto, establecendo un paralelismo coas normas xerais de prevención para calquera cidadán, os obxectivos serán os seguintes:

#### **- Evitar aglomeracións:**

- Diseminar as entradas e saídas do alumnado.
- Dispersar as rutas que segue o alumnado para acceder á súa aula.
- Establecer quendas de recreo.
- Dividir o patio para que cada grupo dispoña dunha zona de recreo.
- Regular o acceso aos aseos



#### - Distancia social:

- Distribuír as mesas nas aulas de tal xeito que exista a maior separación posible entre o alumnado atendendo ao número de alumnos/as por aula e ao espazo dispoñible.
- Evitar situacións de contacto físico.

#### - Responsabilidade individual:

- O profesorado debe comprometerse a facer un autotest antes de acudir ao centro para evitar ir a traballar con sintomatoloxía compatible coa covid.
- As familias deben adquirir o compromiso firme de non enviar aos seus fillos/as ao colexio se presentan algúns dos síntomas compatibles coa covid; para elo deberán facer un test diario no que comproben a temperatura, a presenza de tose seca, dificultade respiratoria, a perda de olfacto ou gusto, dor muscular, fatiga severa ou diarrea.

### Hixiene:

Neste apartado resumimos as accións a levar a cabo para reforzar a hixiene xeral do centro e a adquisición de hábitos e rutinas de responsabilidade individual.

#### - Hixiene xeral do centro:

- Realizar desinfeccións dos aseos dúas veces por mañá.
- Facer limpeza de aulas e espazos comúns.
- Establecer un control da ventilación correcta e abundante das aulas
- Desinfección dos materiais de uso común por parte dos alumnos.

#### - Hixiene persoal:

- Facer 5 limpeza e desinfección das mans, para o que haberá dispensadores de hidroxel nas aulas e xabón líquido nos baños.
- Adquirir hábitos como tusir ou esberrar contra o cóbado, evitar tocar a cara ou levar obxectos á boca.
- Aprender a manipular correctamente as máscaras.

#### - Rutinas de responsabilidade individual:

- Os usuarios de espazos e elementos comúns deben adquirir a conciencia de que debe recaer sobre eles a desinfección previa ao uso. Para iso haberá elementos de limpeza e desinfección específicos ou ben panos desbotables e xel. Pode parecer unha medida de “descarga de responsabilidade” ou “abandono de funcións”, pero é todo o contrario, supón un exercicio de educación cívica e respecto.
  - Exemplo: antes de usar un ordenador, debo, como usuario, coller un pano con xel e desinfectar o teclado e rato, acción que debo repetir cando finalice o seu uso.
- Limpeza de elementos propios de traballo: cada mestre ou cada alumno ten uns elementos de emprego persoal, como son a mesa de traballo, bolígrafos, etc. É moi saudable interiorizar a limpeza deses elementos de xeito periódico, o que non exige da limpeza que poida facer o persoal de limpeza.
  - Exemplo: a mesa, como espazo de traballo propio, pode ser receptora de gotículas e o feito de pasar un pano con xel axuda a manter limpa e desinfectada esa zona de contacto case permanente. Como se indica no parágrafo anterior, isto non elimina a limpeza que poida realizar o persoal de limpeza.



- Facilitar o labor do persoal de limpeza: as nosas accións repercuten no traballo doutras persoas. Resultaría inadmisíbel que o persoal de limpeza teña que colocar antes de limpar, é traballo do alumnado e do profesorado ter as mesas ordenadas, os armarios, deixar as cadeiras levantadas e non deixar cousas polo chan. Deste xeito, o persoal de limpeza pode optimizar o seu tempo de traballo e dedicalo aos labores propios.

- Elementos de limpeza a disposición da comunidade docente:

- Xel: en todas as aulas e espazos comúns
- Xabón: nos aseos e botiquín.
- Panos desbotables: en todas as aulas, baños e espazos comúns.
- Toallas desinfectantes: nas aulas de educación infantil e aulas especiais (música e EF)
- Solución desinfectante: nas aulas

## Protección:

- Uso de máscara:

- Uso obrigatorio para todo o profesorado.
- Uso obrigatorio para todo o alumnado en zonas comúns e recreos.
- Uso obrigatorio para todo o alumnado de primaria dentro das aulas.

- Pantallas:

- Para aquelas actividades lectivas nas que o emprego de máscara sexa incompatible.
- Para as tarefas de desinfección e limpeza de baños (o gafas de protección ocular).

- Mamparas:

- Para realizar trámites coas familias instalarse unha no despacho de dirección.
- Nas aulas de PT e AL, nas que se empregarán para a realización de tarefas que o requiran.

## c) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.

É necesario comezar o curso 20/21 cunha serie de accións que faciliten o emprego da aula virtual do centro, independentemente de que se poidan retomar as sesións virtuais ou non. Deste xeito, se fose necesario volver ao ensino a distancia ou semipresencial, o alumnado tería un maior grao de autonomía para continuar coa súa aprendizaxe.

A formación básica que un alumno/a (ou familia) debe ter para poder ter un mínimo de garantías no caso de ter que realizar docencia non presencial é:

- **Acceso á aula virtual e blogs**
- **Acceso aos diferentes cursos / áreas** nos que estea matriculado/a.
- **Envío de tarefas** a través da aula virtual.
- Xestión da súa **conta de correo electrónico** e funcionalidades básicas da conta -nube, vídeo, documentos- (de 3º a 6º de primaria).
- Consulta de cualificacións e comentarios.
- Envío de **mensaxes por vía interna** da aula virtual.



Por outra banda, as familias deben coñecer e manexar as vías de información e comunicación existentes no centro, que son as seguintes:

- Aplicación **Abalarmóbil**, dende a que poden realizar consultas relacionadas co ámbito académico, solicitar titorías e recibir mensaxes do centro ou profesorado.
- **Correo electrónico**: vía formal para realizar consultas, transmitir información e realizar outro tipo de trámites. A dirección empregada será a corporativa: [ceip.louro@edu.xunta.gal](mailto:ceip.louro@edu.xunta.gal)
- **Teléfono**: 981827753

As accións formativas que se levarán a cabo estarán dirixidas polo profesorado titor coa colaboración dos mestres especialistas e o equipo docente de TICs.

No seguinte cadro / resumo quedan reflectidas as tarefas mínimas que se deberán levar a cabo:

Etapa / nivel educativo	Acción a desenvolver	Lugar	Temporalización
Educación infantil	Facilitar usuario e contrasinal	Colexio (mediante mensaxería interna)	Setembro-Outubro
	Acceder á aula virtual e curso correspondente	Casa (comprobar as familias que teñen dificultades para acceder)	Setembro-Outubro
	Visualizar contidos na aula virtual	Colexio e casa	Setembro-Outubro
1º a 6º de primaria	Facilitar usuario e contrasinal	Colexio (axenda)	Setembro-Outubro
	Acceder á aula virtual e curso correspondente	Colexio e casa (detectar dificultades)	Setembro-Outubro
	Visualizar contidos na aula virtual	Colexio e casa	Setembro-Outubro
2º a 4º de primaria	Realizar tarefas na aula virtual: un cuestionario, unha caixa de texto, unha actividade interactiva, enviar un arquivo.	Colexio e casa	Segundo mes de curso
	Realizar tarefas mixtas, que requiran unha parte presencial e outra virtual.	Colexio e casa	Segundo mes de curso
5º e 6º de primaria	Realización de cuestionarios e tarefas	Colexio e casa	Primeiro trimestre
	Realizar tarefas mixtas, que requiran unha parte presencial e outra virtual.	Colexio e casa	Primeiro trimestre
	Emprego de ferramentas básicas	Colexio e casa	Primeiro trimestre





Familias	Curso básico sobre todos os aspectos relacionados coa aula virtual	On line (casa). Mediante tutoriais	Primeiro trimestre
----------	--	---------------------------------------	--------------------

O primeiro e segundo mes de curso pode ser un “laboratorio” interesante para poñer a proba un **modelo de ensino mixto**. O alumnado pode facer tarefas de reforzo e ampliación na súa casa a través do ensino virtual ou ben acceder a información (vídeos, pequenos textos) que despois se empreguen nas sesións presenciais.

Entre as vantaxes está reducir o tránsito de material entre o centro educativo e as casas e, deste xeito, alixear as mochilas que leva o alumnado.

Isto permitiría tamén afrontar con máis garantías un escenario de semipresencialidade nas aulas e abrir o abano de posibilidades educativas e formativas do alumnado.

#### d) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades en grupo de acollida e cohesión.

- Os cambios na forma de relacionarse na sociedade deben chegar, por desgracia, tamén ao colexio. Nesta volta ás aulas temos que aprender a socializar con distancia, sen contacto físico ou transmitir emocións sen poder mostrar parte das nosas facianas.
- Tanto para mestres como para alumnos supón un cambio enorme na interacción habitual e require dun tratamento específico nas aulas.
- A mímica pode ser unha ferramenta moi útil para substituír accións que implican contacto físico, como unha aperta. O deseño deste tipo de xogos e dinámicas deberían estar presentes nas primeiras sesións e semanas.
- A nivel social é importante que traballemos o tratamento que reciben as persoas contaxiadas. Estar afectado polo virus non debe ser motivo de discriminación, senón de comprensión e empatía, debemos evitar o rexeitamento social dende a empatía, pois calquera nós podemos pasar por esa situación aínda sen ter cometido actos imprudentes. Polo tanto, se temos a mala sorte de que un compañeiro/a contrae a enfermidade, non podemos culpalo nin demonizalo, senón apoiala e coidala emocionalmente.
- O mesmo temos que facer coas persoas que presenten síntomas compatibles, tomar precaucións non implica desprezo e rexeitamento, polo que debemos facer actividades de sensibilización neste eido.
- Outro aspecto sobre o que debemos incidir no tratamento transversal do tema é a difusión de bulos e as bromas relacionadas co virus. Temos que formar ao noso alumnado para que non caia en cadeas de transmisión de información que non estea fundamentada e confirmada, estamos nunha época na que se pode ferir a compañeiros/as facendo comentarios en torno ao seu estado de saúde que poden alterar a convivencia no colexio. Sucede o mesmo coas bromas de mal gusto relacionadas co coronavirus, non cabe dúbida de que o emisor seguramente non teña intención ofensiva, pero pode darse o caso de que nenos/as con parentes ou coñecidos afectados/as poidan verse violentados por esta situación, polo que temos que intentar evitalas.



- A perda de liberdade do alumnado é máis que evidente, xa que son moitas as limitacións que se atopará no retorno ao colexio. Será importante transmitir que se trata dunha situación transitoria e que ese esforzo vai en beneficio de todos/as, e como cidadáns debemos cumprir con estas restricións cun único obxectivo: contribuír a frear o virus e conseguir que todo isto acabe.
- O alumnado necesita ser escoitado, polo que debemos deseñar accións que induzan a que se exprese, a que transmita emocións, opinións, incluso a que aporten solucións, deste xeito podemos facelos partícipes de todas as medidas adoptadas para evitar contaxios.